

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Organismo: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Orde do -- de ----- de 2011 pola que se convoca concurso de traslados específico entre persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

TEXTO:

(Escribir a dous espacios)

O Decreto 120/1998 do 23 de abril, (*Diario Oficial de Galicia do 27*), regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 1º, alínea 2, deste decreto establece que nos colexios de educación infantil e primaria, e nos colexios de educación primaria, nas condicións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria determine, creárase un departamento de orientación que abranguerá no seu ámbito de actuación, ademais do propio centro, aqueloutros centros incompletos da mesma zona de escolarización. Este departamento estará coordinado por un mestre responsable da orientación

educativa, que exercerá as súas funcións como xefe do dito departamento.

Pola súa parte o artigo 13º do referido decreto establece que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria cubrirá o posto de traballo do responsable do departamento de orientación naqueles colexios de educación infantil e primaria ou de educación primaria que se determine, a través dun concurso de méritos específico entre as/os funcionarias/os do corpo de mestres. Considérase criterio preferente estar en posesión dunha das seguintes titulacións: doutor ou licenciado en psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía), tal como figura na alínea a) do artigo 4º do dito Decreto.

Na disposición derradeira primeira do Decreto 120/1998, autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar cantas disposicións sexan precisas para a execución e desenvolvemento do que nel se establece.

Na súa virtude esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria,

DISPÓN:

Primeira.- Obxecto

Convocar concurso de traslados específico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación en colexios públicos de educación infantil e primaria ou de educación primaria.

Segunda.- Vacantes que se convocan

As prazas que se cubrirán neste concurso son as que aparecen no Anexo II desta orde, e as resultas que se poidan producir nos centros que aparecen no Anexo III.

As resultas que se poidan producir e se cubran neste concurso axustaranse ás especificacións que aparecen nelas.

Terceira.- Requisito de acreditación de coñecemento da lingua galega

Será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), haber superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a convalidación correspondente ou telo superado a través de proba libre. Para estes únicos efectos entenderase que reúnen este requisito os que superaran a proba de coñecemento da lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres.

Cuarta.- Poderán participar na presente convocatoria

- a) O persoal funcionario de carreira do corpo de mestres que estea en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto e no Real Decreto 1364/1998, do 29 de outubro, transcorresen ó remate do presente curso académico, polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.
- b) Así mesmo poderá participar o persoal funcionario de carreira do corpo de mestres en expectativa de destino nun centro dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Quinta.- Forma de participación

1. A instancia farase a través da internet, empregando o portal educativo da **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria, na dirección: www.edu.xunta.es/ext

Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio **edu.xunta.es** polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través do secretario do centro á **UAC** no teléfono 902 90 54 45.

2. Persoal que completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que incorporou os datos persoais conforme á petición que lle foi formulada no seu momento pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos encontrarase cos méritos alegados que foron validados, verá os méritos que lle son **baremales** e os que non son considerados para os efectos de baremo, e ofreceráselle unha puntuación para o concurso.

Nos apartados 6.1, 6.2 e 6.3 do anexo I desta convocatoria, o persoal que participou no concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010 (**DOG** do 16), concorrerá coa puntuación que nestes apartados lle foi outorgada pola comisión de avaliación, podendo presentar para a súa consideración novos méritos que estean perfeccionados con posterioridade ao 14 de decembro de 2010.

De estar conforme co baremo que se lle propón e non querer alegar ningún novo mérito imprimírase a instancia e presentárase conforme ás normas xerais recollidas na base **vigésimo** primeira.

De alegar algún novo mérito farase constar na dirección web www.edu.xunta.es/datospersoais. A través desta dirección poderá xerar unha instancia coas alegacións introducidas que deberá presentar xunto coa documentación xustificativa dos méritos alegados (á que se fai referencia no anexo I). Así mesmo, deberá presentar a instancia de participación do concurso de traslados que se xerará a través da aplicación www.edu.xunta.es/cxt. Estas dúas instancias entregaranse conforme ás normas recollidas na base **sexta**.

3. Persoal que non completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que non incorporou os datos persoais encontrarase con todos os datos que a **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria ten informatizados do seu expediente persoal, verá cales deles son considerados para efectos de concurso e cales non, e a puntuación que lle corresponde por cada subepígrafe do baremo en función dos datos que constan no expediente, agás nas epígrafes 6.1, 6.2 e 6.3 do anexo I e desta convocatoria.

De estar o expediente incompleto, o persoal concursante interesado completaraos na base de datos, e imprimirá a instancia e a folla de alegacións que xera a propia aplicación informática, e xunto coa documentación xustificativa á que se fai referencia nos anexo I entregaraas conforme ás normas recollidas na base sexta.

4. En todo caso, o persoal participante no concurso que alegue méritos nos puntos 6.1, 6.2 e 6.3 do anexo I imprimirá a folla correspondente a estes méritos da aplicación informática e xunto cos documentos xustificativos remitiraa, dentro do prazo establecido na base común sexta, á comisión avaliadora sita na Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa da **Besada, San Lázaro** 107, código postal 15703.

5. Cando as novas alegacións sexan validadas pola comisión **baremadora** aparecerá na aplicación informática do concurso de traslados a nova **baremación** resultante dos méritos alegados.

6. A instancia dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria.

7. Todas as fotocopias que se remitan deberán ir acompañadas das dilixencias de compulsa, expedidas polas direccións dos centros, ou das xefaturas territoriais da **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria. Non se admitirá ningunha fotocopia que careza da dilixencia de compulsa.

8. A **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria poderá requirirille ao interesado ou interesada, en calquera momento, a xustificación daqueles méritos alegados que non fosen acreditados debidamente.

Sexta.- Presentación de solicitudes

A instancia orixinal, así como a documentación á que se alude no punto anterior, poderán presentarse nos departamentos territoriais da **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria, na secretaría do centro educativo onde presta servizos o concursante ou en calquera das

dependencias ás que alude o artigo 38 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se optase por presentar a solicitude nunha oficina de correos, farase en sobre aberto, para que a instancia sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de ser certificada.

Sen prexuízo do anterior, deberá terse en conta que para outros efectos distintos do concurso de traslados, as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas nas que poden presentarse documentos dirixidos a calquera organismo público, de conformidade co disposto no artigo 38º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sétima.- Prazo de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de 15 días hábiles contados dende o día --- de ----- de 2012, entendendo como primeiro día hábil o citado día ----. Finalizado este prazo non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas.

Oitava.- As/Os asinantes das instancias deberán manifestar nelas, de modo expreso, que reúnen os requisitos esixidos na convocatoria, consignando os centros que solicitan por orde de preferencia, cos números de código que figuran nos Anexos II e III da presente Orde.

Novena.- Tódalas condicións que se esixen nesta convocatoria e os méritos que aleguen as/os participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes, agás o requisito de dous anos de permanencia no destino definitivo desde o que se solicita, que se contabilizarán a 31 de agosto do 2012.

Décima.- Non serán tidos en conta os méritos non invocados nas solicitudes, nin tampouco aqueles que non se xustifiquen documentalmente durante o seu prazo de presentación.

Décimo primeira.- Dereito preferente

As profesoras e profesores que se acollan ao dereito preferente farano constar nas súas instancias, indicando a causa na que apoian a súa petición.

Para os efectos de adxudicación de prazas só se terá en conta o seguinte dereito preferente:

Terán dereito preferente, a centro ou zona, o persoal funcionario docente do corpo de mestres ao que se lle suprimira o seu posto de traballo, sempre que continúen nesa situación e non perderan o dereito preferente consonte á normativa que regula o concurso de traslados e o persoal funcionario docente do corpo de mestres desprazado por falta de horario, entendendo por desprazado o mestre que non ten ningunha hora de docencia da súa especialidade, que posúan algunha das seguintes titulacións: doutor ou licenciado en psicopedagogía, ou en psicoloxía, ou en filosofía e ciencias da educación (especialidade de psicoloxía ou ciencias da educación) ou en filosofía e letras (especialidade de pedagogía ou psicoloxía) ou que foran diplomados nas Escolas Universitarias de Psicoloxía ata 1974.

Cando existan varias mestras ou mestres que exercen o dereito preferente adxudicarase tendo en conta o establecido para os concursos xerais de traslados.

Décimo segunda.- Para a provisión das prazas que se cubrirán neste concurso, cando non se adxudiquen a través dos méritos preferentes establecidos na base décima, terán prioridade as mestras ou mestres que posúan algunha das titulacións relacionadas na citada base. No suposto de concorrer máis dun aspirante, dirimiranse pola aplicación do baremo establecido no Anexo I.

No caso de se produciren empates no total das puntuacións, estes resolveranse, atendendo sucesivamente á maior puntuación en cada unha das alíneas do baremo establecido no Anexo I, pola orde na que aparecen nel. Se persistise o empate atenderase á puntuación obtida nas distintas subalíneas pola orde, igualmente, que aparece no dito baremo. Para estes efectos, deberá terse en conta que, naquelas alíneas ou subalíneas do baremo para as que se estableza unha puntuación máxima, a puntuación outorgada ós concursantes non poderá superala. De resultar necesario, utilizarase sucesivamente como último criterio de desempate o ano no que se convocou o procedemento selectivo a través do que se ingresou no corpo e a puntuación coa que resultou

seleccionado.

Décimo terceira.- Comisión de avaliación.

1. Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire aos puntos 6.1, 6.2 e 6.3 do anexo I desta orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria designará a mesma comisión que resulte para o concurso xeral de traslados.

A asignación de puntuación que corresponde aos concursantes, polos restantes puntos do baremo de méritos, será levada a efecto por unha comisión constituída por funcionarios ou funcionarias destinados na **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria. Estas comisións estarán cualificadas na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (**DOG** do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (**DOG** do 18 de xullo).

Décimo cuarta.- Resolución provisional do concurso

Unha vez recibidas na **Consellería de Educación** e Ordenación Universitaria as actas da comisión avaliadora, coas puntuacións asignadas ao persoal concursante, procederase, conforme ás peticións e os méritos dos participantes, á adxudicación dos destinos e faranse públicas, na páxina web desta **consellería** (www.edu.xunta.es/) e nas súas xefaturas territoriais, a resolución provisional dos concursos de traslados.

Décimo quinta.- Reclamacións e renuncias

O persoal concursante poderá presentar reclamacións ás resolucións provisionais, a través do órgano no que presentaron a súa instancia de participación, no prazo establecido na resolución, que publique a adxudicación de destinos provisionais no Diario Oficial de Galicia.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se

fagan públicas na páxina web desta **consellería**.

Igualmente e, no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación no concurso entendendo que tal renuncia afecta a todas as peticións e especialidades consignadas na súa instancia de participación.

Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base vixésimo primeira.

As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso, deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non o facer, poderán obter destino na resolución definitiva.

De conformidade co establecido no artigo 9º do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, o funcionario docente desprazado por falta de horario que participe no concurso de traslados exercendo o dereito preferente, poderá renunciar á participación no concurso nas catro primeiras convocatorias dende que se produciu a perda do destino, mantendo o dereito preferente a obter destino no centro ou localidade.

Décimo sexta.- Resolución definitiva

Consideradas, se é o caso, as reclamacións e renuncias ás que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a dicta-la resolución definitiva da adxudicación. A dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia e na páxina web desta consellería.

Contra esta resolución as/os interesadas/os poderán interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999.

Décimo sétima.- O persoal funcionario docente do corpo de mestres que acade destino no presente

concurso exercerá a xefatura do departamento de orientación con carácter definitivo e tomará posesión con efectividade do 1 de setembro de 2012.

Décimo oitava.- O persoal funcionario docente do corpo de mestres que resulte adscrito ás xefaturas dos departamentos de orientación dos colexios de educación infantil e primaria e dos colexios de educación primaria está obrigados a desprazarse ós centros que se lle adscriba, conforme ao establecido no Decreto 120/1998 do 23 de abril.

Décima novena.- Nos colexios públicos de educación infantil e primaria e nos de educación primaria nos que a praza de xefatura do departamento de orientación sexa provista na resolución da presente convocatoria, constituirase o departamento de orientación que terá a composición establecida no artigo 4º do Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- O persoal funcionario docente do corpo de mestres que estean participando simultaneamente nesta convocatoria e na realizada pola Orde do ---- de ----- de 2011, pola que se convoca concurso de traslados de ámbito autonómico entre o persoal funcionario docente do corpo de mestres, e que obteña praza definitiva da xefatura do departamento de orientación, entenderase que renuncia á participación no concurso de ámbito estatal.

Segunda.- Contra esta Orde poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nos prazos e forma establecidos na Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, --- de ----- de 2011

CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Jesús Vázquez Abad

INSÍRASE NO DOG

ANEXO

BAREMO

MERITOS	VALORACION	DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS (1)
1. Antigüidade		
1.1. Antigüidade no centro		Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.
1.1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario de carreira con destino definitivo no centro desde o que concursa. Aos efectos deste subpartado unicamente serán computables os servizos prestados como persoal funcionario de carreira no corpo ou corpos ao que corresponda a vacante.		
Polo primeiro e segundos anos: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.	2,0000 puntos por ano	
Polo terceiro ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.	4,0000 puntos	
Polo cuarto e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo.	6,0000 puntos por ano	

Para a valoración do subapartado 1.1.1. teranse en conta as seguintes situacións:

- Considérase como centro dende o que se participa no concurso aquel a cuxo equipo pertenza o aspirante con destino definitivo, ou no que se estea adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por este subapartado os servizos prestados como persoal funcionario de carreira no corpo ao que corresponda a vacante.

- Nos supostos de persoal funcionario docente en adscrición temporal en centros públicos españois no estranxeiro, ou en supostos análogos, a puntuación deste subapartado virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na devandita adscrición. Este mesmo criterio seguirase cos que foron nomeados para postos ou outros servizos de investigación e apoio á docencia da Administración educativa sempre que o nomeamento tivese suposto a perda do seu destino docente.

Cando se cese na adscrición e se incorpore como provisional á súa Administración educativa de orixe, entenderase como centro dende o que se participa, o destino servido en adscrición, ao que se acumularán, se é o caso, os servizos prestados provisionalmente, con posterioridade en calquera outro centro.

- Cando se participe dende a situación de provisionalidade por suprimírselle a praza ou posto que se viña desempeñado con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, considerarase como centro dende o que se participa o último servido con carácter definitivo, ao que se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Así mesmo, terán dereito ademais a que se lles acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Se é o caso, a devandita acumulación estenderase aos servizos prestados con carácter definitivo nos centros que, sucesivamente, lles foron suprimidos.

No suposto de que non se tivese desempeñado outro destino definitivo distinto do suprimido, terá dereito a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter provisional antes da obtención deste, en cuxo caso a puntuación a outorgar se axustará ao disposto no subapartado 1.1.2 do baremo.

- O disposto nos dous parágrafos anteriores será igualmente de aplicación aos que participen no concurso por perder o seu destino en cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso con cambio de localidade de destino.

- Nos supostos de primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viña desempeñado anteriormente con carácter definitivo, considerásenne como servizos prestados no centro dende o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro no que se lles suprimiu a praza e, no seu caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase aos que obtivesen o primeiro destino tras perder o anterior por cumprimento de sentenza, resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa.

<p>1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidad, sempre que se participe dende esta situación:</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. Cando se trate de persoal funcionario de carreira que participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente ao subapartado 1.1.1 se lle sumará a obtida por este subapartado. Unha vez obtido o novo destino non poderá acumularse esta puntuación.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario de carreira na praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo. Esta puntuación engadirase á puntuación obtida polos subapartados 1.1.1 ou 1.1.2. Non obstante, non se computará para estes fins o tempo que se permaneza fóra do centro en situación de servizos especiais, en comisión de servizos, con licenzas por estudos ou en supostos análogos.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente, acompañada dunha certificación expedida pola mesma, acreditativa de que a praza, posto ou centro, ten esa cualificación ou - Certificación da Administración educativa competente en onde conste a data de comezo e fin da prestación efectiva dos servizos prestados na devandita praza, posto ou centro, especificándose que os mesmos teñen a cualificación de especial dificultade.
<p>1.2 Antigüidade no Corpo</p>		

<p>1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario de carreira no corpo ou corpos aoque corresponda a vacante:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes a que se refire a L.O.E. do mesmo ou superior subgrupo:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,5000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario de carreira noutros corpos docentes a que se refire a L.O.E. de subgrupo inferior:</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0625 puntos por cada mes completo.</p>	<p>0,7500 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos Rexistros de Persoal.</p>
<p>-Nos supostos contemplados neste apartado 1, ao persoal funcionario de carreira dos corpos de Catedráticos de Ensino Secundario, de Escolas Oficiais de Idiomas e de Artes Plásticas e Deseño, para os efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraráselles os servizos prestados como persoal funcionario de carreira dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario de carreira dos antigos corpos de Catedráticos de Bacharelato, de Escolas Oficiais de Idiomas e de Profesores de Termo de Artes Plásticas e de Oficios Artísticos.</p> <p>-Os servizos aludidos nos subapartados 1.2.2. e 1.2.3. non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos dos subapartados 1.1.1. ou 1.1.2.</p> <p>- Para os efectos dos subapartados 1.1.1.,1.1.2, 1.2.1., 1.2.2. e 1.2.3., serán computados os servizos que se tivesen prestado en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nos apartados previstos no artigo 87 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada Lei. Igualmente serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, que non poderá exceder de tres anos.</p>		

<p>2. Pertenza aos corpos de Catedráticos</p> <p>Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de Catedráticos de Ensino Secundario, de Música e Artes Escénicas, de Escolas Oficiais de Idiomas e de Artes Plásticas e Deseño:</p>	5,0000 puntos	Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente onde conste a pertenza ao Corpo de Catedráticos ou fotocopia compulsada do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o Boletín ou Diario Oficial en que apareza o seu nomeamento.
<p>3. Méritos académicos</p> <p>Aos efectos da súa valoración por este apartado, unicamente teranse en conta, os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español.</p> <p>(Ver disposición complementaria segunda)</p>	MÁXIMO 10 PUNTOS	
<p>3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:</p> <p>3.1.1. Por posuír o título de Doutor:</p>	5,0000 puntos	Fotocopia compulsada do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedida de acordo co previsto, no seu caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13) ou na Orde do 13 de agosto de 2007 (BOE do 21) ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
<p>3.1.2. Polo título universitario oficial de Master distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se esixan, polo menos, 60 créditos:</p>	3,0000 puntos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 3.1.1.
<p>3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora, ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados.</p> <p>Este mérito só se valorará cando non se alegue a posesión do título de Doutor.</p>	2,0000 puntos	Fotocopia compulsada do certificado-diplomada correspondente.
<p>3.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos Conservatorios Superiores de Música, pola mención honorífica no grao superior:</p>	1,0000 puntos	Fotocopia compulsada da documentación xustificativa do mesmo.

<p>3.2. Outras titulacións universitarias:</p> <p>As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as esixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo dende o que se participa, valoraranse da forma seguinte:</p>		
<p>3.2.1. Titulacións de Grado: Polo título universitario oficial de Grado ou equivalente.</p>	<p>5,0000 puntos</p>	<p>A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 3.1.1</p>
<p>3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo:</p> <p>Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñaría técnica, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría:</p> <p>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por este apartado, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente.</p> <p>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este apartado, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que sexan necesarios superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.</p> <p>Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención de outras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.</p>	<p>3,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde de 8 de xullo de 1988 (B.O.E do 13).</p> <p>Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención de dito título ou ciclos.</p>

<p>3.2.3. Titulacións de segundo ciclo:</p> <p>Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñaría, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes:</p> <p>No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por este apartado, en ningún caso, os estudos desta natureza que sexan necesarios superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, no seu caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente.</p> <p>As titulacións de solo segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes a tódolos efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.</p>	<p>3,0000 puntos</p>	
<p>3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:</p> <p>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas Escolas Oficiais de Idiomas, Conservatorios Profesionais e Superiores de Música e Danza e Escolas de Arte, así como as da formación profesional específica, caso de non ser as esixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, no seu caso, que non sexan necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:</p>		<p>Fotocopia compulsada do título que se posúa ou, no seu caso, certificación acreditativa da expedición do dito título ou certificación acreditativa de superar os estudos conducentes a súa obtención.</p>
<p>a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:</p>	<p>4,0000 puntos</p>	
<p>b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:</p>	<p>3,0000 puntos</p>	
<p>c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:</p>	<p>2,0000 puntos</p>	
<p>d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:</p>	<p>1,0000 punto</p>	

Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nos apartados anteriores solo se considerará a de nivel superior que presente o participante.		
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente:	2,0000 punto	
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5000 puntos	
4. Desempeño de cargos directivos e outras funcións: (Ver disposición complementaria terceira)	MÁXIMO 20 PUNTOS	
4.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes, en Centros de Profesores e Recursos ou institucións análogas establecidas polas Administracións educativas nas súas convocatorias específicas, así como director/a de Agrupacións de Lingua e Cultura española: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.	4,0000 puntos	Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nos devanditos cargos ou fotocopia compulsada do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes continúa no cargo.
4.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a e asimilados en centros públicos docentes: A fracción de ano computarase a razón de 0,2083 puntos por cada mes completo.	2,5000 putos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos do subapartado 4.1.
4.3. Outras funcións docentes:	Hasta 5,0000 puntos	

<p>Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor/a siega, asesor/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou as figuras análogas que cada Administración educativa estableza na súa convocatoria específica, así como polo desempeño da función titorial exercido a partir da entrada en vigor da LOE.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedidos pola Administración educativa competente na que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou fotocopia compulsada do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación na que conste que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes continúa desempeñando a función docente.</p>
<p>Polos subapartados 4.1, 4.2, 4.3, 6.4 e 6.6 só valorarase o seu desempeño como persoal funcionario de carreira. No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións non poderá acumularse a puntuación valorándose o que puidese resultar máis vantaxoso para o concursante. Para estes efectos, no caso de persoal funcionario de carreira dos Corpos de Catedráticos de Ensino Secundario, de Escolas Oficiais de Idiomas e de Artes Plásticas e Deseño, teranse en conta os servizos prestados nos devanditos cargos como persoal funcionario de carreira dos correspondentes corpos de profesores, incluídos os prestados como persoal funcionario dos antigos Corpos de Catedráticos de Bacharelato, Catedráticos de Escolas Oficiais de Idiomas e Profesores de Termo de Escolas de Artes Aplicadas e Oficios Artísticos.</p>		
<p>5. Formación e perfeccionamento</p>	<p>MAXIMO 10 PUNTOS</p>	

<p>5.1. Actividades de formación superadas Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo ao que pertenza o participante, ás prazas ou postos aos que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as Administrativas educativas das Comunidades Autónomas, por institucións sen ánimo de lucro sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecida polas Administracións educativas, así como as organizadas polas Universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. A estes efectos sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	<p>Ata 6,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado destas expedido pola entidade organizadora no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>
<p>5.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicado no subapartado 5.1.</p> <p>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditada. Con esta finalidade sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñesen expresadas en créditos entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	<p>Ata 3,0000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade, no que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais acreditar fehacientemente o recoñecemento ou homologación de ditas actividades pola Administración educativa correspondente ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.</p>

<p>5.3. Por cada especialidade da que sexa titular correspondente ao Corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso no mesmo, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previstos no Real Decreto 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro e 276/2007, do 23 de febreiro (Aos efectos deste subapartado, no caso dos corpos de catedráticos valoraranse as especialidades adquiridas no correspondente corpo de profesores).</p>	<p>1,0000 punto</p>	<p>Fotocopia compulsada da credencial de adquisición da nova especialidade expedida pola Administración educativa correspondente.</p>
<p>6. Outros méritos:</p>	<p>MÁXIMO 15 PUNTOS</p>	

<p>6.1. Publicacións</p> <p>Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar.</p> <p>Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008 de 12 de decembro ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas nas que o autor sexa o editor das mesmas.</p> <p>Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados neste subapartado coas esixencias que así se indican.</p> <p>Puntuación específica asignable aos méritos baremables por este apartado:</p> <p>a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autor ata 1,0000 puntos - Coautor ata 0,5000 puntos - 3 Autores..... ata 0,4000 puntos - 4 Autores ata 0,3000 puntos - 5 Autoresata 0,2000 puntos - Mas de 5 Autores ata 0,1000 puntos. <p>b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico):</p> <ul style="list-style-type: none"> - Autor ata 0,2000 puntos - Coautor ata 0,1000 puntos - 3 ou máis Autoresata 0,0500 puntos. 	<p>Ata 8,0000 puntos</p>	<p>- No caso de libros, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> * Os exemplares correspondentes. * Certificado da editorial onde conste: Título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librarías comerciais. <p>En relación cos libros editados por Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en librarías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (Centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.). Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado haberán de xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito.</p> <p>- No caso de revistas, a seguinte documentación:</p> <ul style="list-style-type: none"> *Os exemplares correspondentes. *Certificado no que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, á que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. <p>En relación coas revistas editadas por Administracións Públicas e Universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado deben constar os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais, etc.).</p> <p>-No caso de documentos en formato electrónico, non serán valoradas</p>
--	--------------------------	--

<p>6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacionais convocados por o Ministerio de Educación ou por as Administracións educativas das comunidades autónomas en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación ou pola participación nestes proxectos.</p>	<p>Ata 2,5000 puntos</p>	<p>A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes expedidas polas entidades convocantes ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente.</p>
<p>6.3. Méritos artísticos e literarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional. - Por composicións estreadas como autor ou gravacións con depósito legal. - Concertos como director, solista, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...). - Por exposicións individuais ou colectivas. 	<p>Ata 2,5000 puntos</p>	<p>No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, en onde conste o nome do premiado/s, o ámbito do mesmo e a categoría do premio.</p> <p>No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor e o depósito legal da mesma.</p> <p>No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo no que figure que é o autor ou intérprete e o depósito legal da mesma.</p> <p>No caso dos concertos: programas onde conste a participación do interesado e certificación da entidade organizadora, en onde conste a realización do concerto e a participación como. Director, solista ou solista con orquestra/grupo.</p>
<p>6.4. Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo que participa.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1200 puntos por cada mes completo.</p>	<p>1,5000 puntos</p>	<p>Fotocopia compulsada do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, continúaase no posto.</p>

<p>6.5. Por cada convocatoria na que se actuase efectivamente como membro dos tribunais dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE.</p> <p>Por este subapartado unicamente valorarase o formar parte dos tribunais a partir da entrada en vigor do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE do 2 de marzo).</p>	<p>0,2500 puntos</p>	<p>Certificado expedido polo órgano da Administración educativa convocante que teña a custodia das actas dos tribunais destes procedementos.</p>
<p>6.6. Por cada ano de titoría das prácticas do título universitario oficial de Master para acreditar a formación pedagóxica e didáctica esixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titoría das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.</p>	<p>0,1000 puntos</p>	<p>Certificado expedido pola Administración educativa competente ou, se é o caso, do director do centro público docente no que se realice a titoría, con indicación do curso académico e duración das prácticas.</p>
<p>6.7. Exclusivamente para prazas situadas na Comunidade de Navarra, no País Vasco, en Valencia e en Baleares.</p> <p>As convocatorias específicas correspondentes a prazas situadas nestas Comunidades poderán asignar ata un máximo de 5,0000 puntos aos méritos que nas mesmas se determinen en función das particularidades lingüísticas.</p>	<p>Máximo 5,0000 puntos</p>	<p>Os que se determinen nas correspondentes convocatorias específicas desas Administracións educativas.</p>

<p>7. Outros méritos relacionados co posto:</p> <p>7.1. Por ter a habilitación/especialización en pedagogía terapéutica ou en audición e linguaxe, 2 puntos.</p> <p>7.2 Coordinación de departamentos de orientación nun centro 2 puntos por ano, só se valorará o desempeño como funcionaria/o de carreira.</p> <p>As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>7.3. Por cada ano de servizo na especialidade de pedagogía terapéutica ou audición e linguaxe, 1 punto.</p> <p>So se valorará o desempeño como funcionaria/o de carreira.</p> <p>7.4 Anos de servizo activo nos ESPA, 2 puntos por ano.</p>		<p>Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos.</p> <p>Fotocopia cotexada dos documentos acreditativos</p> <p>No emento e cesamento correspondente.</p> <p>No emento e cesamento correspondente.</p>
---	--	--

- (1) **As** convocatorias poderán determinar que a acreditación dalgúns dos méritos se realicen mediante os documentos xustificativos que para tal efecto se establezan nestas ou se incorporen de oficio pola administración convocante, cando así conste nos seus rexistros

Disposicións complementarias

Primeira.

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, polo tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

Segunda.-Méritos académicos.

1. Para poder obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse fotocopia compulsada de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación.

3. Non se baremará pola subepígrafe 3.1.2 ningún título de máster exixido para ingreso á función pública docente.

4. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse ademais a correspondente homologación.

Terceira.-Valoración dos cargos directivos e outras funcións.

1. Para os efectos previstos nas subepígrafes 4.1, 4.2 e 4.3 do baremo de méritos consideraranse centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

Institutos de bacharelato.

Instituto de formación profesional.

Centros de educación de persoas adultas, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros aos cales se refiren estas subepígrafes.

Centros de ensinanzas integradas.

Para estes mesmos efectos considéranse centros públicos os que corresponden as prazas dos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas de conservatorios de música:

Conservatorios superiores de música ou danza.

Conservatorios profesionais de música ou danza.

Conservatorios elementais de música.

Escolas superiores de arte dramática.

Escola superior de canto.

2. Para os efectos previstos na subepígrafe 4.2. do baremo de méritos consideraranse como cargos directivos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

Secretario adxunto.

Os cargos aludidos neste punto desempeñados en seccións de formación profesional.

Xefe de estudos adxunto.

Xefe de residencia.

Delegado do xefe de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

Director-xefe de Estudos de Sección Delegada.

Director de sección filial.

Director de Centro Oficial de Padroado de Ensino Medio.

Administrador en centros de formación profesional.

Profesor delegado no caso da sección de formación profesional.

Cuarta.- Os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego e as súas validacións serán puntuables polo apartado 5.1 deste anexo. Non se valorarán as validacións cando simultaneamente se acredite a realización dos correspondentes cursos. Asemade, puntuaranse por este apartado 5.1 os cursos de especialización.

Quinta.- O nivel avanzado de galego da Escola Oficial de Idiomas, o Ciclo Superior e o certificado de aptitude puntuarán no apartado 3.3 como nivel B2.

O nivel intermedio de galego da Escola Oficial de idiomas e o Ciclo elemental puntuarán no apartado 3.3 como nivel B1.